



## CONVOCATORIA

*De orden do Sr. Presidente convócase a Vde. á sesión ordinaria a celebrar polo Pleno da Excma. Deputación Provincial, en primeira convocatoria ás **ONCE HORAS** do día **VINTE E SEIS DE MARZO DE 2019**, para tratar sobre os asuntos incluídos na Orde do Día, previamente aprobada pola Presidencia.*

*De non celebrarse na data e hora indicados, a sesión terá lugar na data e hora que se sinala no acordo relativo ó réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno adoptado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día catro de novembro de dous mil quince.*

*A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres. Deputados na Secretaría da Deputación.*

*Lugo, 21 de marzo de 2019*

**A SECRETARIA,**

## ORDE DO DIA

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de febreiro de dous mil dezanove.*

## PARTE RESOLUTIVA

### **COMISION DE ECONOMIA, RECADACIÓN E FACENDA**

- 2. Proposta de modificación do Orzamento da Deputación de 2019, vía suplemento de crédito.*

--oo0oo--



**COMISION DE GOBERNO INTERIOR E RELACIONS INSTITUCIONAIS**

3. *Proposición da Presidencia relativa á aprobación do Regulamento Orgánico.*

--oo0oo--

4. *Moción do Grupo Provincial Socialista, para impulsar a execución do proxecto de renovación integral do estadio municipal "Pepe Barrera" no Concello de Ribadeo.*

5. *Moción do Grupo Provincial Socialista, para a conservación, protección, e posta en valor do patrimonio arquitectónico do Concello de Castroverde.*

6. *Moción do Grupo Provincial do BNG, para que se adapten as estradas provinciais ás necesidades da actividade agraria e do desenvolvemento xeral do rural.*

7. *Moción do Grupo Provincial do BNG, para que se dote de persoal suficiente ás oficinas agrarias comarcais de Lugo*

8. *Moción do Grupo Provincial Popular, relativa ao mantemento da actividade económica e o emprego da Central de Alcoa en San Cibrao.*

9. *Moción do Grupo Provincial Popular, para que a Deputación de Lugo incremente os fondos para a conservación da Rede Viaria Provincial.*

10. *Moción do Sr. Deputado non adscrito, relativa á encomenda de xestión a Suplusa para a construción e xestión da residencia para persoas maiores e centro de día en A Pontenova.*

11. *Moción do Sr. Deputado non adscrito, para a creación de bolsas de estudo para o desenvolvemento de cursos de perfeccionamento en inglés e outros idiomas.*

**PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION**

12. *Conta dos informes do cuarto trimestre de 2018, relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010, da Deputación de Lugo, da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA,*



*do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de Lugo, e da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), e informes dos meses de outubro, novembro e decembro de 2018 do RD 635/2014.*

- 13.** *Conta da información económica da Deputación de Lugo a 31 de decembro de 2018.*
- 14.** *Conta do informe de avaliación do cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira a 31 de decembro de 2018, aos efectos de subministración de información do estado de execución do 4º trimestre, ao Ministerio de Facenda.*
- 15.** *Liquidación do Orzamento 2018.*
- 16.** *Conta do informe do artigo 218 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*
- 17.** *Conta das Resolucións da Presidencia, adoptadas durante o mes de febreiro de dous mil dezanove.*
- 18.** *Comunicacións da Presidencia.*
- 19.** *Rogos e Preguntas regulamentariamente formulados.*